

Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello de Vilaboa para que , envíe unha comunicación na que recordará a obriga de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas prohibidas.

Expediente: F.3.Q/4997/23

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2023

Sr. alcalde:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención Dona XXX.

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, expón que formula a súa queixa polo seguinte:

-No verán de 2022, presentouse ante o Concello de Vilaboa denuncia para limpeza da parcela XXX, lindeiro coa súa parcela, a XXX, situada no mesmo polígono. A parcela denunciada está vacante de edificación, e na mesma crece ás súas anchas arborado, vexetación e todo tipo de maleza ao atoparse en práctico estado de abandono.

-Transcorridos máis de 6 meses, a situación da parcela denunciada segue sendo de total abandono, sen que por parte do Concello de Vilaboa se realizara ningunha xestión respecto diso, incumprindo así coas súas obrigacións, cos prexuízos que dita situación está a causarlle.

-A parcela denunciada é propiedade da sociedade limitada XXX, S.L., con domicilio en Vigo, Rúa XXX; se incumpren as medidas relativas á prevención de incendios forestais dispostas pola Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, xa que, tal e como establece o art. 21 da mencionada lei, todas aquelas parcelas, tanto forestais como agropecuarias, situadas a menos de 50 metros dunha edificación (incluídos os galpóns e garaxes) teñen que estar despexadas de vexetación e sen árbores, algo que a parcela mencionada ven incumprindo de forma reiterada.

Acompáñanse os Planos catastrais onde aparece a parcela mencionada, e Certificación catastral da parcela da denunciante. Invócase na queixa a lexislación aplicable a este suposto.

Remata o escrito solicitando que se requira ás persoas responsables o cumprimento da súa obrigación de xestionar a biomasa na parcela denunciada, segundo o disposto nos artigos 7, parágrafos d) e e) e 22 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os

incendios forestais de Galicia, advertíndolles de que no caso de non acometer as tarefas de xestión requiridas nun prazo de 15 días naturais desde a recepción da comunicación, procederase á execución subsidiaria dos referidos traballos, repercutíndolles os custos correspondentes segundo o disposto no devandito corpo legal.

A queixa foi admitida a trámite na data do 26 de abril, requirindo dese concello que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilitase información sobre o problema que motivou a queixa. Houbo que facer un novo requirimento na data do 1 de xuño.

O día 2 de xuño recibimos o informe desa Administración municipal no que se manifesta que con data do verán de 2022, tal e como figura no apartado primeiro do escrito de requirimento, e figurando como interesada Dna. XXX, non figura ningún expediente aberto.

A interesada si tramitou unha queixa de data 17/04/2023 (2023-E-RC-1095), na que solicita a limpeza da parcela XXX do parcelario de rústica do Concello de Vilaboa.

Sobre esta queixa abriuse expediente o mesmo día (17/04/2023), con número 758/2023, sendo o primeiro trámite unha providencia da Alcaldía na que se solicita á Policía Local un informe sobre a veracidade dos feitos denunciados e a titularidade da parcela.

A día de hoxe este expediente está pendente do informe da Policía Local.

ANÁLISE

A persoa que promove este expediente indica que a solicitude de limpeza foi formulada xa en agosto de 2022.

De conformidade co establecido no artigo 7.e, da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, corresponde aos concellos e as entidades locais a xestión da biomasa nos termos previstos na lei (artigos 21 a 23 da devandita norma legal).

Así mesmo, a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece no artigo 22.2 que en caso de incumprimento da xestión da biomasa polos que resulten responsables, a administración pública competente -neste caso, o Concello de Vilaboa - de oficio ou a solicitude da persoa interesada, deberá enviar á persoa responsable unha comunicación na que se lle lembrará a súa obrigaçión de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas prohibidas, concedéndolle para facelo un prazo máximo de

quinze días naturais, e advertíndolle de que, de continuar o incumprimento transcorrido devandito prazo, procederase á execución subsidiaria con repercusión dos custos de xestión da biomasa.

Da mesma forma, na devandita comunicación informárase de que a falta de cumprimento das obrigacións indicadas é constitutiva de infracción administrativa, polo que dará lugar ao comezo do procedemento sancionador que corresponda.

Neste caso, a pesar da denuncia presentada no Concello de Vilaboa e que, segundo o informe, oficiouse á Policía Local, estase a producir un retraso con respecto aos prazos establecidos na lei. Desde o 17 de abril, transcorreu mes e medio para facer unha comprobación in situ da situación da biomasa na parcela obxecto da denuncia, a comprobación das distancias e o cotexo da información remitida pola interesada cos datos catastrais de titularidade dos terreos.

O artigo 7 da Lei 3/2007, sinala entre as competencias das entidades locais a de ordenar a execución das obras necesarias para conservar e manter o solo e a biomasa vexetal nas condicións precisas que eviten os incendios, en consonancia cos artigos 199.2 e 9.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e de xeito máis concreto a ordenación e a execución subsidiaria da xestión da biomasa nos termos dos artigos 21, 22 e 23 desta lei, contando para iso coa colaboración técnica e/ou económica da Xunta de Galicia nos termos previstos no artigo 59 desta lei, conforme o establecido no artigo 331.1 da Lei 5/1997, do 5 de agosto, de Administración local de Galicia.

O artigo 21 da citada lei establece que nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais será obrigatorio para as persoas que resulten responsables consonte o artigo 21ter xestionar a biomasa vexetal, de acordo cos criterios estipulados nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento, nunha franxa de 50 metros, arredor das edificacións destinadas ás persoas, vivendas illadas, urbanizacións, e outras instalacións situadas a menos de 400 metros do monte.

Tamén lle corresponde ao concello vixiar o cumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal e retirada das especies arbóreas prohibidas arredor das edificacións illadas destinadas ás persoas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.

A xestión deberá estar rematada, en todo caso, antes de que finalice o mes de maio de cada ano.

O artigo 22.2 establece que no suposto de incumprimento do establecido no número anterior, a administración pública competente, neste caso o Concello de Vilaboa, de oficio ou por solicitude de persoa interesada, enviará á persoa responsable unha comunicación na que se lle recordará a súa obriga de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas prohibidas e se lle concederá para facelo un prazo máximo de quince días naturais, ou de tres meses no caso das faixas laterais das vías de comunicación, contado desde a recepción da comunicación.

Esta comunicación incluírá a advertencia de que, en caso de persistencia no incumprimento transcorrido o dito prazo, se procederá á execución subsidiaria con repercusión dos custos de xestión da biomasa e, se é o caso, comiso das especies arbóreas prohibidas retiradas pola Administración, nas condicións establecidas neste precepto, así como que, ante a falta de atención do antedito apercibimento, as obrigas de xestión para os anos seguintes deberán estar completadas antes do primeiro día de abril. Así mesmo, nesta comunicación informarase de que a falta de cumprimento das obrigas indicadas é constitutiva de infracción administrativa, polo que dará lugar ao inicio do procedemento sancionador que corresponda, no que poderán adoptarse medidas de carácter provisional consistentes en traballos preventivos de xestión da biomasa e retirada de especies arbóreas co obxecto de evitar os incendios forestais e comiso das indicadas especies.

Naqueles casos en que as persoas responsables non atendesen a advertencia que se lles efectuase o ano anterior para o cumprimento das súas obrigas de xestión da biomasa e retirada de especies, a antedita xestión deberá estar finalizada con anterioridade ao primeiro día de abril de cada ano. Transcorrida esa data e comprobado polos servizos técnicos da administración competente a falta de xestión, poderá procederse de modo inmediato, sen máis trámite, á execución subsidiaria dela.

O apartado 3 establece o procedemento a seguir cando non se poida determinar a identidade da persoa responsable da xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas prohibidas, cando se ignore o lugar de notificación ou cando, intentada esta, non poida practicarse a notificación da comunicación prevista no número anterior.

En consecuencia, é competencia municipal a comprobación dos feitos denunciados e, de existir infracción das obrigas de xestión. O apartado 7 do artigo 22 sinala que a competencia para efectuar as comunicacións e tramitar os procedementos de execución subsidiaria regulados neste artigo corresponde ás entidades locais nos casos de incumprimento do disposto no artigo 21, así como nas faixas laterais das redes viarias da súa titularidade, e á consellería competente en materia forestal nos demais casos.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Vilaboa o seguinte recordatorio de deberes legais:

Que, ao abeiro do disposto nos artigos 21 e 22 da Lei 3/2007, adopte con urxencia as medidas precisas –dado o tempo transcorrido desde que se solicitou informe á Policía Local- para impulsar este procedemento, e no suposto de incumprimento do establecido sobre as obrigas de limpeza das faixas secundarias, a administración pública competente, neste caso o Concello de Vilaboa, de oficio ou por solicitude de persoa interesada, envíe á persoa responsable unha comunicación na que se lle recordará a súa obriga de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas prohibidas e se lle concederá para facelo un prazo máximo de quince días naturais, ou de tres meses no caso das faixas laterais das vías de comunicación, contado desde a recepción da comunicación.

No seu caso, que se continúe o procedemento na forma prevista na lei, incluíndo a execución subsidiaria.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

M^a Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo